

**RESOLUCIÓN do 18 de xaneiro de 2019, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para ingresar por promoción interna nunha praza do corpo superior, convocado por acordo da Mesa do Parlamento do 23 de abril de 2018, pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do primeiro exercicio**

O tribunal nomeado por Resolución da Presidencia do Parlamento do 1 de agosto de 2018 para cualificar o proceso selectivo para ingresar por promoción interna nunha praza do corpo superior, convocado por acordo da Mesa do Parlamento do 23 de abril de 2018 (DOG nº 93, do 16.05.2018) acordou, de conformidade co disposto nas bases da convocatoria, que o primeiro exercicio terá lugar o día 23 de xaneiro de 2019, ás 11.00 horas, na sala F da planta 0 do Parlamento de Galicia, en chamamento único que se iniciará ás 11.00 horas

As persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e bolígrafo negro ou azul.

Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do cal se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2019